


<b>Catálogo Nacional Monumentos Históricos</b>	
<b>Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	CARNOTA
<b>Inmueble</b>	Igrexa de Santa Columba de Carnota
<b>Dirección</b>	Rúa de Santa Comba, Vilar. 15293
<b>Coordenadas</b>	42.823200 -9.090254
	
<b>Descripción</b>	<p>Santa Columba de Carnota é un dos templos máis interesante que podemos atopar entre Fisterra e Muros. A súa fábrica, construída no ano 1755, pódese clasificar como pertencente ao barroco clasicista, fiel expoñente da corrente cortesá da arquitectura borbónica.</p> <p>O interior, abovedado en arista en case tódolos seus tramos, presenta unha planta a medio camiño entre a cruz latina e a ordenación basilical con tres naves. Consta dunha entrada-vestíbulo sobre a que se eleva unha esvelta torre campanario de dous corpos superpostos rematados en cupuliña e pináculo. Os piares do corpo de campás están formados por pilastras xónicas. Séguelle en planta a nave maior dividida en catro tramos separados, levantándose sobre o último o coro ós pés. Na cabeceira só existe unha ábsida, presidida por un fermoso retablo do escultor Ferreiro, así como a sancristía apegada ó costado esquerdo.</p> <p>O deseño da fachada principal anuncia formas compositivas neoclásicas que se xeneralizarán no século XIX. A orde corintia das súas catro pilastras, o frontón triangular e un óculo ovalado, enmarcan unha portada con molduras barrocas.</p>
<b>Campanas y esquilas</b>	2 campás.
<b>Toques actuales</b>	
<b>Conservación</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propuestas</b>	
<b>Autores del registro</b>	FRANCO BARROS, Oscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA

<b>Fecha del registro</b>	28-08-2022
---------------------------	------------

### Campanas actuales

<b>Localización</b>	<b>Campana</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Año</b>	<b>Diámetro</b>	<b>Peso</b>
Torre-campanario	<a href="#"><u>Menor.</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO, HERMANOS</u></a>	1970	86	368
Torre-campanario	<a href="#"><u>Maior.</u></a>	<a href="#"><u>OCAMPO, HERMANOS</u></a>	1970	103	633

Información completa: [Igrexa de Santa Columba de Carnota - CARNOTA \(GALICIA\)](#)